

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DO PLENO DO DÍA 4 DE XULLO DE 2019**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as nove horas e cinco minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria organizativa do pleno baixo a presidencia do Alcalde, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

### **AUSENTES:**

#### Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

#### Secretaria:

Elena González López

## **ORDE DO DÍA**

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO 15.06.2019.**

Aberta a sesión o Alcalde pregunta se alguén ten algunha observación que facer o borrador da Acta. Non hai intervencións.

Sen máis intervencións, sométese a votación o borrador da acta da sesión constitutiva do Pleno do 15.06.2019, que resultou aprobado por unanimidade.

### **SEGUNDO.- VOTACIÓN SOBRE A URXENCIA DE INCLUÍR NA ORDE DO DÍA DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DERIVADO DA APROBACIÓN DA LIÑA DE ACHEGAS DO POS+2019 PARA O PAGAMENTO A PROVEDORES.**

Intervén o Alcalde para explicar o motivo da urxencia da aprobación deste expediente e sinala que pretende non demorar máis o pagamento das facturas pendentes doutros anos.

Sen máis intervencións, sométese a votación da proposta da alcaldía, quedando aprobada por unanimidade.

### **TERCEIRO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DREIVADO DA LIÑA DE ACHEGAS DO POS+2019 PARA O PAGAMENTO A PROVEDORES.**

O Alcalde expón a súa proposta que ten o seguinte contido:

*PROPOSTA DA ALCALDÍA*

---

*Asunto: Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. POS 2019.*

---

*O 31.05.2019 ditouse Circular da Deputación Provincial da Coruña, na que informa da aprobación definitiva do expediente do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2019.*

*O 07.06.2019 aprobouse o expediente para a xeración de crédito que permite incorporar o dito financiamento ao orzamento municipal vixente.*

*O 01.07.2019 a Secretaria-Interventora emitiu informe favorable que literalmente di:  
"INFORME*

*PRIMEIRO. Segundo o disposto no apartado 1 do artigo 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en virtude do principio orzamentario de «Especialidade Temporal», «con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario».*

*O efecto inmediato do disposto no citado artigo 176.1 é, tamén como regra xeral, a anulación de pleno dereito de todos aqueles créditos para gastos, que o último día do exercicio orzamentario non estivesen afectados o cumprimento de obrigas xa recoñecidas, tal e como dispón o artigo 175 do mesmo texto legal, «os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados o cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 desta lei».*

*Deste xeito, chegados ao 31 de decembro de cada exercicio, todos aqueles créditos do orzamento de gastos que non se atopen na fase de recoñecemento de obrigas, quedarían «ex lege» anulados.*

*Non obstante o anterior, o principio de especialidade temporal foi obxecto, tradicionalmente, de diversas excepcións.*

*E é que, xunto ao principio de «especialidade temporal» debe traerse a colación o de «anualidade de execución» do artigo 163 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que establece literalmente que «o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:  
a) Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven; e*

*b) As obrigas recoñecidas durante o exercicio»*

*Diso parece desprenderse que durante un exercicio orzamentario poderán recoñecerse obrigas que correspondan a gastos autorizados ou comprometidos en exercicios anteriores non recoñecidos no seu momento, debido a que do mesmo obtense a seguinte conclusión: as obrigas impútanse ao exercicio orzamentario no que se recoñezan.*

*Así as cousas, parece que existe diverxencia de criterios entre o disposto no artigo 176.1 e o 163 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; posto que aplicando o primeiro deles prevalecería a imputación en función da realización da prestación, mentres que do segundo primaria o momento en que debe producirse o recoñecemento da obriga.*

*Para resolver esta situación debemos acudir ao concepto de «exisibilidade» das obrigas, que se producirá cando deveña esixible, é dicir, cando deveña a obriga de pagamento, momento distinto e diferenciado ao do recoñecemento e liquidación da obriga que é, segundo o artigo 58 do Real Decreto 500/1990, o «acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito esixible contra a Entidade derivado dun gasto autorizado e comprometido»; sendo este acto o que determina, segundo o artigo 163 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a imputación dun gasto a un concreto exercicio orzamentario.*

*Deste xeito, atendendo á exisibilidade dos créditos, isto é, á acreditación documental da súa realización íntegra e satisfeita, determinará o momento de imputar a obriga ao orzamento.*

*SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:*

*— Artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

*— Artigos 25.1, 26.1, 58, 60.2 do Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, desenvolto por Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.*

*TERCEIRO. Visto o anterior, o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece a posibilidade do recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o tivesen sido naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera, mediante a asignación puntual e específica de obrigas procedentes de exercicios anteriores ao orzamento vixente.*

*Desta maneira, vista a debidamente adquirida exisibilidade dos créditos, excepcionalmente poderán imputarse ao Orzamento en vigor, obrigacións correspondentes a exercicios anteriores, previo recoñecemento das mesmas.*

*Examinada a documentación que integra o expediente temos realizado unha operación de xeración de crédito derivada da aprobación do Plan de Obras e Servizos municipais para o ano 2019 (POS 2019) que atopamos no Exp. 2019/X999/000058.*

*Na liña de subvención adicada aos pagamentos a provedores, incluíronse gastos do Capítulo II e VI que se relacionan a continuación:*

DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL							
Nº de orde	Data entrada Registro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1	17/01/2018	Reparación de viales en el año 2015	Construcciones Rocha Corral, S.L.	B15338338	21.860,95		21.860,95
2	22/01/2018	Transporte de agua noviembre y diciembre	Rey y Sánchez, S.L.	B15289325	13.340,25		13.340,25
3	26/01/2018	Tramitación autorización almacenamiento residuos punto limpio	Servizos dos Concellos Galegos,	B27154731	2.238,50		2.238,50

			S.L.U.				
4	29/01/2018	Limpieza cristais e aluminios no CEIP	Pulmar Deza, S.L.	B36186997	520,30		520,30
5	29/01/2018	Reparación desbrozadora (acelerador) y motosierra Huskvarna 61	M <sup>a</sup> Belén Seoane Cernadas	46903966C	143,00		143,00
6	29/01/2018	Reparación desbrozadora (carburador y puesta a punto)	M <sup>a</sup> Belén Seoane Cernadas	46903966C	145,00		145,00
5	15/03/2018	Tarifa anual derechos de autor repertorio SGAE (Tarifa simplificada)	Sociedad general de Autores y Editores	G28029643	2.107,23		2.107,23
6	15/03/2018	Hormigón HM-20/B/20 I para reparación de pistas	Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste, S.L.	B15803976	1.052,81		1.052,81
7	15/03/2018	Periódico "Sobrado" (número 1-marzo 2018)	MassTres Comunicación, S.C.	J15767676	1.815,00		1.815,00
8	21/03/2018	Ploteado Tinta A2 negro y color (planos)	Buró Planet, S.L.U.	B70065131	118,46		118,46
9	06/04/2018	Hormigón HM-20/B/20 I para reparación de pistas	Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste, S.L.	B15803976	566,90		566,90
10	02/05/2018	Recogida y transporte de voluminosos, Madera, Plásticos y RCDS mezclado	Servizos dos Concellos Galegos,	B27154731	3.115,20		3.115,20

			S.L.U.				
11	14/05/2018	Reparación e bacheo camiño de Cimadevila e Viladomonte	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	7.502,00		7.502,00
12	14/05/2018	Reparación de tajea e reafirmado en camiños Castro do Seixo	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	1.919,06		1.919,06
13	14/05/2018	Reparación de baches con aglomerado en frío en camiños de Monteagudo, Mandeo, Catsro do Seixo, Nogueira, Folgoso e Mesón	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	10.551,20		10.551,20
14	29/05/2018	Comida grupos Feira da Troita 2016	Josefa Varela Freire	78784736F	205,00		205,00
15	14/06/2018	Aluguer de 13 mesas na parroquia de Pousada	Óscar Cernadas Meijide	46910607Z	125,84		125,84
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO II)</b>					<b>67.326,70</b>		<b>67.326,70</b>

DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total
1	25/05/2018	Válvula reductora de presión directa DN 125 DRVD P	Construcciones González y González, S.L.	B15135004	5.220,00		5.220,00
2	25/05/2018	Válvula compuerta de fundición Modelo Corto FSH	Construcciones González y González, S.L.	B15135004	353,13		353,13
3	19/06/2018	Suministro de 20 contenedores verdes de 800 litros	Servizos dos Concellos Galegos, S.L.U.	B27154731	4.452,80		4.452,80
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO VI)</b>					<b>10.025,93</b>		<b>10.025,93</b>

*Todas estas facturas foron propostas pola alcaldía para a súa inclusión no POS 2019, do que se deduce a súa conformidade cos traballos.*

*Pola súa banda, como queda dito, xerouse o crédito necesario para asumir o custo destas facturas, en consecuencia, estas obrigas pódense imputar ao exercicio 2019.*



*CUARTO. Así, considérase adecuado o recoñecemento dos gastos por importe de 77.352,63 € (SETENTA E SETE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E DOUS Euros e SESENTA E TRES Céntimos) realizados en exercicios anteriores de conformidade ao establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, procedendo a súa aplicación no Orzamento 2018 prorrogado para o ano 2019*

*QUINTO. En base ao exposto con anterioridade, o órgano competente para a aprobación do devandito expediente será o Pleno da Corporación.*

*SEXTO. Con todo, cómpre lembrar que existen facturas pendentes de recoñecemento e pagamento correspondentes a exercicios anteriores que acadan aproximadamente os 170.000 €. Estas obrigas terán que ser asumidas polo Concello a maior brevidade para dar cumprimento ao período medio de pago ao que a lei lle obriga e dar saída ao Remanente de Tesourería existente.*

*Con todo, a Alcaldía acordará o que estime procedente.”*

*En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos relacionados a seguir correspondentes a exercicios anteriores:*

<i>DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL</i>			
<i>Data entrada</i>	<i>Resumo do concepto</i>	<i>Provedor</i>	<i>Importe (IVE incluído)</i>

Nº de orde	Rexistro concello		Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total Aplicación Orzamentaria
1	17/01/2018	Reparación de viales en el año 2015	Construcciones Rocha Corral, S.L.	B15338338	21.860,95		21.860,95 454.210.00
2	22/01/2018	Transporte de agua noviembre y diciembre	Rey y Sánchez, S.L.	B15289325	13.340,25		13.340,25 161.227.99
3	26/01/2018	Tramitación autorización almacenamiento residuos punto limpio	Servizos dos Concellos Galegos, S.L.U.	B27154731	2.238,50		2.238,50 1622.227.99
4	29/01/2018	Limpieza cristais e aluminios no CEIP	Pulmar Deza, S.L.	B36186997	520,30		520,30 323.227.00
5	29/01/2018	Reparación desbrozadora (acelerador) y motosierra Huskvarna 61	Mª Belén Seoane Cernadas	46903966C	143,00		143,00 454.214.00
6	29/01/2018	Reparación desbrozadora (carburador y puesta a punto)	Mª Belén Seoane Cernadas	46903966C	145,00		145,00

							454.214.00
5	15/03/2018	Tarifa anual derechos de autor repertorio SGAE (Tarifa simplificada)	Sociedad general de Autores y Editores	G28029643	2.107,23		2.107,23  338.209.00
6	15/03/2018	Hormigón HM-20/B/20 I para reparación de pistas	Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste, S.L.	B15803976	1.052,81		1.052,81  454.221.99
7	15/03/2018	Periódico "Sobrado" (número 1-marzo 2018)	MassTres Comunicación, S.C.	J15767676	1.815,00		1.815,00  920.226.02
8	21/03/2018	Ploteado Tinta A2 negro y color (planos)	Buró Planet, S.L.U.	B70065131	118,46		118,46  920.220.00
9	06/04/2018	Hormigón HM-20/B/20 I para reparación de pistas	Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste, S.L.	B15803976	566,90		566,90  454.221.99
10	02/05/2018	Recogida y transporte de voluminosos, Madera, Plásticos y RCDS mezclado	Servizos dos Concellos Galegos, S.L.U.	B27154731	3.115,20		3.115,20

							1622.227,99
11	14/05/2018	Reparación e bacheo camiño de Cimadevila e Viladomonte	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	7.502,00		7.502,00 454.210,00
12	14/05/2018	Reparación de tajea e reafirmado en camiños Castro do Seixo	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	1.919,06		1.919,06 454.210,00
13	14/05/2018	Reparación de baches con aglomerado en frío en camiños de Monteagudo, Mandeo, Catsro do Seixo, Nogueira, Folgoso e Mesón	Excavaciones y Obras Candal, S.L.U.	B15496219	10.551,20		10.551,20 454.210,00
14	29/05/2018	Comida grupos Feira da Troita 2016	Josefa Varela Freire	78784736F	205,00		205,00 338.226,99
15	14/06/2018	Aluguer de 13 mesas na parroquia de Pousada	Óscar Cernadas Meijide	46910607Z	125,84		125,84 338.226,99
<b>TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO II)</b>					<b>67.326,70</b>		<b>67.326,70</b>

*DATOS DAS DÉBEDAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL*

Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)		
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total Aplicación orzamentaria
1	25/05/2018	Válvula reductora de presión directa DN 125 DRVD P	Construcciones González y González, S.L.	B15135004	5.220,00		5.220,00 161.623.00
2	25/05/2018	Válvula compuerta de fundición Modelo Corto FSH	Construcciones González y González, S.L.	B15135004	353,13		353,13 161.623.00
3	19/06/2018	Suministro de 20 contenedores verdes de 800 litros	Servizos dos Concellos Galegos, S.L.U.	B27154731	4.452,80		4.452,80 1621.633.00

TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PENDENTES DE PAGO (CAPÍTULO VI)	10.025,93		10.025,93
---	-----------	--	-----------

*SEGUNDO. Aplicar con cargo ao Orzamento do exercicio 2019, os correspondentes créditos polo importe total de 77.352,63 (SETENTA E SETE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E DOUS Euros e SESENTA E TRES Céntimos) con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas.*

O Alcalde cede a palabra a voceira do PP, María Jesús García Souto que lle recorda que fai tempo que pedira documentación, en concreto, as certificacións técnicas dunha obra de reparación de viais no ano 2015.

O Alcalde sinala que se lle trasladará por email a documentación.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta da alcaldía, quedando aprobada por unanimidade.

#### **CUARTO.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.**

O Alcalde informa que se fixo a designación dos tenentes de alcalde indicando os seus nomes e apelidos.

Non hai intervencións.

#### **QUINTO.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

O Alcalde informa de que se teñen constituído os grupos políticos municipais do PSG-PSOE e do PP de Sobrado.

Non hai intervencións.

## **SEXTO.- CREACIÓN E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON FUNCÍONS DELIBERANTES.**

O Alcalde expón a súa proposta que ten o seguinte contido:

### *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

#### *Asunto: Creación comisión coordinación municipal*

---

*O artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación coa organización municipal dispón: “ A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.”*

*Logo o artigo 23 dispón: “A Xunta de Goberno Local intégrase polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.”*

*Amais das delegacións que se lle confiran, o artigo 23.2 sinala que a Xunta de Goberno local é un órgano de asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.*

*Tamén o artigo 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), dispón respecto das súas funcións que “É atribución propia e indelegable da Comisión de Goberno a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións. A tal fin, a Comisión de Goberno será informada de todas as decisións do Alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira”*

*Finalmente, o artigo 113 do dito Real Decreto establece que a Xunta de Goberno local poderá ter reunións deliberantes nas que non poderá adoptar ningún acordo. O resultado destas deliberacións adoptará a forma de ditame. E, ademáis, sinala que o alcalde poderá requirir a presenza doutros membros da Corporación non pertencentes a Xunta de Goberno ou de persoal ao servizo da entidade a efectos de informar no ámbito das súas actividades.*

*Esta alcaldía considera que é preciso o asesoramento e participación dos concelleiros do equipo de goberno con carácter previo a toma de decisión nalgúns aspectos que sexan de maior relevancia para o Concello. Asimemo considera que a canle axeitada para ter informados aos membros do goberno das actuacións e resolucións da competencia de alcaldía é a través da existencia deste órgano.*

*As funcións desta xunta de goberno local serán deliberantes, en consonancia coa súa natureza. Optase por non delegar competencias a este órgano co fin de axilizar a tramitación administrativa.*

*Finalmente, o seu réxime de funcionamnetno será o prevenido no artigo 113 do ROF coa periodicidade dun mes na celebración das súas sesións.*

*En virtude de todo o anterior, ao abeiro do disposto no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local PROPOÑO AO PLENO*

*PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Sobrado con atribucións deliberativas.*

*SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento aos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, agás no referente a periodicidade das súas sesións que serán mensuais dado o seu carácter meramente deliberativo.*

*TERCEIRO.- Consonte o artigo 112 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Xunta de Goberno celebrará sesión constitutiva nos dez días seguintes á que o Alcalde designe as persoas que a integran.*



Así mesmo, precisa que estará composta por tres concelleiros e, a petición da Sra. García Souto, sinala que serán os concelleiros Juan Vicente Aller Penas, Alfonso Rios Santos y Jose Antonio Veiga Sánchez que serán designados unha vez creado o órgano.

O Alcalde explica tamén, a petición da Sra. García Souto, que a súa función será de apoio, para coñecer a opinión do grupo municipal en relación con cuestións do Concello coma dar conta dos Decretos asinados ou consultar cuestións de maior relevancia.

Rematado o debate procédese a votación da proposta da Alcaldía, co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE).

Abstencións (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

## **SÉTIMO.- DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.**

O Alcalde expón a súa proposta que ten o seguinte contido:

### *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

#### *Asunto: Periodicidade sesións plenarias*

---

*O pasado día 15 de xuño de 2019 constituíse a Corporación municipal como resultado das eleccións municipais do 26 de maio.*

*O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que: dentro dos trinta días seguintes ao da sesión*

*constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos:*

*a) Periodicidade de sesións do Pleno.*

*b) Creación e composición das Comisións informativas permanentes.*

*c) Nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.*

*d) Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde, membros da Comisión de Goberno, se debe existir, e Presidentes das Comisións informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir.*

*O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local dispón que o O Pleno celebra sesión ordinaria cada tres meses nos municipios de ata 5.000 habitantes.*

*En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO. Establecer que as sesións ordinarias do pleno se celebren os derradeiros Martes de cada tres meses no salón de sesións da casa consistorial ás 19 horas. Os meses de celebración das sesións plenarias serán o mes de Setembro, Decembro, Marzo e Xuño.*

*No caso de coincidir en día festivo a data de celebración da sesión ordinaria do pleno, esta pasará a celebrarse no primeiro día hábil seguinte á mesma hora.*

*SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa o a instancia dos voceiros dos grupos municipais, por causa xustificada a variar a data de celebración da sesión ordinaria ou mesmo a hora de celebración da sesión.*

*TERCEIRO.- As convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias faranse de forma telemática. A estes efectos os concelleiros indicarán á secretaria municipal a dirección electrónica onde desexan recibir as convocatorias e asuntos incluídos na orde do día.*

A Sra. García Souto advirte que no mes de Decembro ese pleno coincidiría co día de noiteboa (24 de decembro). O alcalde precisa que cambiarase a data de celebración para ese día.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta da Alcaldía, co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE).

Abstencións (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

## **OITAVO. DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE ADICACIÓN E RETRIBUCIÓNS DO CONCELLEIROS/AS DO CONCELLO E DAS INDMENIZACIÓNS POR ASISTENCIAS AS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.**

O Alcalde expón a súa proposta que ten o seguinte contido:

### *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

*Asunto: Réxime de retribucións e asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación.*

---

*O 15 de xuño de 2019 celebrouse o pleno de constitución da Corporación municipal. É preciso determinar o réxime retributivo dos cargos con adicación exclusiva e mais os importes das asistencias e indemnizacións por razón do servizo dos concelleiros.*

*O artigo 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, dispón que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.*

*No tocante as adicacións exclusivas o artigo 75 bis da dita Lei de Bases en relación co artigo 18 do Real Decreto-Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector*

*público establecen o límite máximo das retribucións que poden percibir os membros das corporacións locais con poboación entre 1.000 e 5.000 habitantes en 42.452,24 €*

*Asimesmo, o artigo 75 ter da dita Lei de Bases dispón que para os concellos que teñen poboación de entre 1.001 e 2.000 habitantes só un membro da corporación poderá prestar os seus servizos en réxime de adicación exclusiva.*

*No tocante as indemnizacións por razón do servizo sométense ao previsto nos artigos 28 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e á Orde EHA/3770/2005, do 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*

*En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO. Adicación exclusiva.*

*Determinar o réxime de adicación exclusiva para a alcaldía na cuantía de 40.100 € en cómputo anual a distribuír en catorce pagas iguais.*

*Esta cuantía actualizarase segundo o que para o persoal funcionario ou os membros das corporacións locais establezan as normas aplicables con posterioridade a que este acordo se adopte.*

*Darase de alta ao alcalde no Réxime xeral da Seguridade Social, e a Corporación asumirá o pagamento da cuota empresarial que corresponda.*

*SEGUNDO.- Indemnizacións*

*a) Pola asistencia as sesións dos órganos colexiados percibiránse as seguintes indemnizacións (asistencias):*

- Pleno: 100 €*
- Comisión Informativa de Facenda: 100 €*
- Xunta de Goberno Local: 100 €*

*De celebrarse no mesmo día a sesión dos órganos colexiados só se terá dereito a percibir o importe correspondente a asistencia a unha delas.*

b) *En concepto de indemnizacións por razón do servizo, apróbanse as seguintes dietas:*

- *Dieta enteira. 155,90 €*
- *Dieta por aloxamento: 102,56 €*
- *Dieta por manutención: 53,34 €*
- *Dieta polo desplazamento con vehículo propio: 0,19 €/Km.*

*TERCEIRO.- Este acordo quedará condicionado a existencia de crédito e deberá ter traslado no proxecto de orzamentos municipais.*

*CUARTO.- Publicar este acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e mais na sede electrónica e web municipal.*

O Alcalde cede a palabra a Sra. García Souto que anuncia que votará en contra da proposta da alcaldía para ser coherente co dito no ano 2015 porque as retribucións da alcaldía lle parecen excesivas para un Concello tan pequeno como é Sobrado.

Por outra banda tamén sinala que no seu día propuxeran que o réxime de asistenciais ás Comisións informativas fora de cincuenta euros (50 €) e que considera que é unha contía suficiente.

O Alcalde replica que non foi unha proposta súa porque os importes xa viñan establecidos de antes e que o grupo municipal do PP non fixo ningunha proposta en relación con esto. Logo dun debate no que a Sra. García Souto remata indicando que en calquera caso fose ou non fose proposta deles, que non o lembra exactamente, considera axeitado que o importe destas asistenciais ten que ser de cincuenta euros (50 €)

Rematado o debate, sométese a votación a proposta da alcaldía co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Logo da votación, a Sra. García Souto interésase polo pagamento do kilometraxe que ten pendente. O Alcalde resposta que nestes días pagarase tanto a kilometraxe como as asistencias aos plenos que quedan pendentes.

## **NOVENO.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS.**

O Alcalde expón a súa proposta que ten o seguinte contido:

### *PROPOSTA*

*Asunto: Creación Comisión Informativa Permanente de Contas e Facenda*

---

*O pasado día 15 de xuño de 2019 constituíse a Corporación municipal como resultado das eleccións municipais do 26 de maio.*

*O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que: Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos:*

- a) Periodicidade de sesións do Pleno.*
- b) Creación e composición das Comisións informativas permanentes.*
- c) Nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.*
- d) Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde, membros da Comisión de Goberno, se debe existir, e Presidentes das Comisións informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime oportuno conferir.*

*O artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local dispón que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.*

*A súa regulación atópase no dito artigo 116 e o seu réxime de funcionamento prevese con carácter xeral nos artigos 124 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Finalmente o artigo 125 do dito Regulamento dispón que na súa composición respectarase a proporcionalidade existente entre os grupos políticos na corporación.*

*Logo das eleccións municipais a composición do pleno quedou establecida en 7 concelleiros do grupo municipal PSG-PSOE e 2 concelleiros do grupo municipal do PPdeG. Esta representación supón o 77,77 % para o PSG-PSOE e o 22,22 % para o PPdeG.*

*En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO*

*PRIMEIRO. Crear a Comisión Especial de Contas de conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local.*

*SEGUNDO.- Establecer a seguinte composición da Comisión informativa de Contas:*

- Presidente, o Alcalde*
- Vogais:*
  - a) 3 vogais do grupo municipal PSG-PSOE*
  - b) 1 vogal do grupo municipal do PP.*

*A suplencia dos membros da Comisión realizarase a proposta dos grupos municipais formulada por escrito nos cinco días seguintes a celebración desta sesión plenaria.*

*TERCEIRO.- A Comisión informativa de facenda terá carácter de comisión informativa permanente para asuntos relativos a Orzamentos, Economía e Facenda.*

**Non hai intervencións, sen consecuencia, sométese a votación a proposta da Acaldía con seguinte resultado:**

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE).

Abstencións (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e vinte minutos, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*